



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES IV CICLO, EN ACTIVIDADES DE CARÁCTER FORMATIVO E DIVULGADOR EN MATERIA DE CONSUMO. MEMORIA XUSTIFICATIVA

A XERENTE DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA
DECLARA:

Que este INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA ten previsto formalizar con **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo ata o 31 de decembro de 2023 .

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

“A colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo e divulgador en materia de consumo, no marco do Programa de Camiños de Coñecemento e Experiencia, actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, especialmente, das persoas máis vulnerables.

O fomento da formación e a educación das persoas máis vulnerables a nivel social como persoas consumidoras e usuarias, para que coñezan os seus dereitos e poidan consumir de forma responsable e eficiente nun mercado cada vez máis globalizado e cambiante. Especialmente, en temas tan importantes como o sobreendebedamento e os servizos que cobren necesidades básicas como a luz, o gas, telefonía, ...

O empoderamento das persoas usuarias como persoas consumidoras e usuarias, así como o fomento do coñecemento destes recursos por toda a cidadanía.

A promoción das persoas consumidoras e usuarias dunha maneira integral: necesidades básicas, consumo responsable e colaboración social. Prestarase especial atención ás persoas maiores vulnerables. **Que** existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- Que o Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, menciona entre as súas funcións e competencias as que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, correspóndenlle ao IGCC. Segundo o artigo 49 da citada Lei 2/2012, a administración competente en materia de consumo elaborará plans e programas de actuación, en especial a través de novas tecnoloxías, conducentes á formación directa dirixida a todas as colectividade interesadas e, de modo especial, aos colectivos definidos como de protección especial por ser persoas consumidoras vulnerables.

Así mesmo, a Lei 2/2012 no seu artigo 50 habilita aos órganos competentes en materia de consumo para establecer a colaboración coas entidades públicas e





privadas autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais, á hora de levar a cabo os diferentes plans e programas formativos e educativos en materia de consumo.

Segundo.- Que a protección ás persoas consumidoras vulnerables, ten por obxecto acadar un alto nivel de protección na nosa Comunidade Autónoma enmarcándose no programa de Consumo Responde; especialmente no ámbito rural.

Así, dentro do ámbito de persoas consumidoras vulnerables contéplase a realización dun programa formativo para maiores de toda a comunidade galega, dando a coñecer os dereitos que teñen como tales persoas consumidoras, así como unha formación para un consumo máis responsable, consciente e sustentable, en bens e servizos como a luz, o gas, telefonía, internet, conta de pago básica, ... aprendendo así mesmo a facer valer os devanditos dereitos.

Terceiro.- Que a Universidade de Santiago de Compostela ten posto en marcha, no marco do Programa Universitario de Maiores IV Ciclo, o Programa Camiños de Coñecemento e Experiencia para os maiores de 50 anos, que realiza obradoiros e seminarios en concellos de carácter rural para achegar o coñecemento á cidadanía..

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe .

